PARLAMENTO DE GALICIA

ACTA DA REUNIÓN 3 DE XUÑO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

PRESIDENTE:
D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:
D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

Dª. Concepción Burgo López
Vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia

D. Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns
Director da intervención xeral e asuntos económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:
Don Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 11,00 horas do día **3 de xuño de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de enerxía eléctrica.

Orde do día:

Punto único.- Constitución da Mesa de contratación e apertura e exame da documentación incluída nos sobres "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica, financeira e técnica e profesional dos licitadores).

De seguido procedese a:

PRIMEIRO.- O Sr. Presidente declara constituída a Mesa.

A continuación, o Secretario achega a certificación do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia na que se fan constar as proposicións presentadas, que son as seguintes:

EMPRESA	rexistro núm.:
Gas Natural comercializadora, s.a.	23719
Endesa energía, s.a.u.	23759
Aura Energía, s.l.	23760

PARLAMENTO DE GALICIA

SEGUNDO.- Seguidamente a Mesa de contratación procede ao estudo da documentación contida nos sobres A presentados polas empresas concorrentes.

Examinada a continuación toda a documentación incluída no sobre A da proposición presentada, a Mesa de Contratación comproba que as tres empresas presentan a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos, polo tanto acordan admitilas para continuar no procedemento de contratación.

A Mesa de contratación acorda convocar a sesión pública de apertura do sobre B o mércores 11 de xuño, ás 9,30 horas.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 11,15 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data ao principio indicados.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

José Manuel Balseiro Orol
Vogal

Concepción Burgo López
Vogal

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Vogal

José María Ameijenda Cuns
Vogal

Santiago González Serrano
Secretario